

“OBRADOIRO DE COCIÑA”

Que ben o pasamos os nenos e nenas de 2º facendo estes saborosos canapés!

Como podemos facelo dun xeito divertido?

Esta culinaria idea xurdiu cando as profes quixeron ensinarnos a multiplicar



Fixádevos que boa pinta teñen!
E fixémoslos nós soíños!

Así que un día apareceron cargadas de bolsas cos ingredientes que íamos precisar:

- galletiñas salgadas
- pan de molde
- paté e queixo de untar
- olivas
- froitos secos

Primeiro distribuímonos por grupos e repartimos todo o que necesitabamos. Unha vez feito isto, comezamos a untar as galletitas e o pan co paté e co queixo.



Tatiana é toda unha experta

“OBRADOIRO DE COCIÑA”

Cando rematamos de untar quixemos adornar os canapés con olivas e con froitos secos.



Pensamos que desta maneira quedarían xenial!



Ohhhhhh!

Aquí hai.....? 8 bandexas con 5 canapés cada unha...
En total : $8 \times 5 = 40$



Celia, que concentrada!



Finalmente colocámoslos nunhas bandexas que fixeramos con cartulina na clase de Plástica.

As profes axudáronnos a colocar o envoltorio, a poñer un laciño e a calcular multiplicando.

Vailles encantar ás nosas familias!

